



KATHLEEN N. MARCH, responsable desta edición homenaxe a Ramón Martínez López, cursou estudos na Universidade de Buffalo (Nova Iorque) onde se doctorou cunha tese sobre o escritor peruano Xosé M.^a Arguedas. Traballou en distintas universidades dos EE.UU. e na actualidade é profesora de Literatura Latinoamericana e Española na Universidade de Maine. Neste eido publicou numerosos traballos en revistas especializadas e libros colectivos. Fundadora da *Asociación de Estudos Galegos* dos EE.UU., foi tamén a organizadora do I Congreso de Estudos Galegos nese país. Na súa adicación á literatura galega conta con artigos sobre Manoel Antonio, Castelao, Otero Pedrayo, Carballo Calero, Luz Pozo Garza, Xoana Torres, M.^a Xosé Queizán, etc., así como sobre outros aspectos da literatura moderna do país galego. Ten publicada unha antoloxía de poesía feminina galega (*Festa da Palabra*), e o seu libro *De musa a literata: El feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro* atópase en vías de publicación.



EDICIÓNS DO CASTRO



CUADERNOS DA ÁREA DE ARTE/COMUNICACIÓN

4

HOMENAXE A
RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ



El color de la esperanza gata la memoria de
mi amigo Ramón Martínez López, 8 June 1990

PUBLICACIÓN DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

1990

R. 18.038



CUADERNOS DA ÁREA
DE ARTE/COMUNICACIÓN **4**



ARQUIVO
DA EMIGRACIÓN
GALEGA
Biblioteca

Publicacións do
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
1990

HOMENAJE A
R. MARTÍNEZ LÓPEZ



EDICIÓS DO CASTRO

Sada - A Coruña

Cuberta: L. F.

ISBN: 84-7492-494-4

Depósito Legal: C - 1.270 - 1990

Gráficas do Castro/Moret.

O Castro. Sada. A Coruña. 1990.

L I M I A R

As primeiras lembranzas miñas de Don Ramón deben ser de comezos dos 80, cando alguén dixo, 'Aquí en Santiago hai unha persoa que estivo moitos anos de profesor nos Estados Unidos. Debes ir coñecelo'. Alá fun, ao piso do Xeneral Pardiñas, 7-6.º, a pasar un serán falando con Ramón Martínez López e maila súa dona tan agarimosa, Isabel. A miúdo chegaba, ou chegabamos, para atoparmos con algún outro visitante, proba da grande simpatía que sentían moitos galegos polo noso amigo. O costume que seguimos con el era o de sempre falar galego, única lingua axeitada para conversar cun home que participara na fundación do Partido Galeguista, que se xuntara aos que ían constituiren o novo Seminario de Estudos Galegos e que supervisara e promocionara a organización da Fundación Castelao, a cal levou a cabo un congreso en honor do gran galeguista en 1986. Tamén hei lembrar sempre o enorme amor polos libros que tiña Don Ramón, quen adoitaba pasar aqueles intres connosco repasando, ensinando os volumes que trouxera de América, mais outros que milagrosamente se salvaran da guerra, de moitísimo valor e coidadosamente forrados en pel ao xeito europeo.

Na casa de Santiago tamén había cadros e fotografías xa de interés histórico: pinturas de Maside, Seoane, Cebreiro, un dibuxo de Castelao, fotografías de Borges, xunto cun poema autógrafo de León Felipe... Era o fogar dunha persoa que fora amigo de moitos, galego sincero, dos bons e xenerosos.

Chegou marzo do 89 e Don Ramón sufriu unha grave eiva. Na clínica da Rosaleda falei-lle deste proxecto de homenaxe. Dixo el que quería escribir uns renglóns e mostrouse sumamente emocionado. Non puideron incluírse esas palabras porque o outono trouxo a triste nova do seu pasamento en Pontevedra, na casa da filla. De todos xeitos este volume quere ser lembranza agarimosa dun home que sobreviviu á Guerra Civil e un longo exilio (tarefa non doada, cando as raíces están lonxe), que rematou coa volta á Galiza en 1971. Xa xubilado, Don Ramón, mentres aínda llo permitía a saúde, xamais deixou de participar en numerosos actos públicos que promocionaban o galeguismo: xuntanzas do Partido Galeguista, pregóns, homenaxes, congresos. Foi premiado co Pedrón d'Ouro, pola Fundación Otero Pedrayo e pola de Castelao. A obra reivindicatoria de Don Ramón do seu amigo Castelao, con todo o que significa a vida e obra do rianxeiro, é máis unha razón pola que nós tamén quixéramos expresarlle, dende despois da súa morte e dende outros países, a nosa amizade e gratitude. Agora fica a nosa afectuosidade para Dona Isabel e fica fondamente.

A Editora